




cullerchef

obradoiros de cociña saudable

no Edificio de
Servizos Múltiples (O Burgo)

INFORMACIÓN

Os obradoiros están **dirixidos a nenas e nenos entre 7 e 12 anos** e é **gratuíto**.
Haberá **dous niveis -Iniciación e Avanzado-** e **dúas quendas** por nivel **-unha de 17:00 a 18:30 h e outra de 19:00 a 20:30 h-**.

Para inscribirse no nivel Avanzado é necesario que a nena/o asistise o ano pasado a algún dos obradoiros trimestrais ou ao campamento de verán Cullerchef.

O nivel Iniciación terá lugar os martes 8, 15, 22 e 29 de outubro e 5 e 12 de novembro. O nivel Avanzado será os xoves 10, 17, 24 e 30 de outubro e 7 e 14 de novembro (ollo: o 30 de outubro é mércores porque o xoves 31 é festivo escolar). A data da degustación concretarase durante o obradoiro.

Limitado a 12 prazas por quenda (48 prazas en total).

INSCRICIÓN

A inscrición comezará o día 1 de outubro ás 9:00 h e acabará o día 4 á mesma hora. Farase en liña co envío do formulario ao que podes acceder a través do enlace que encontrarás na web do Concello (www.culleredo.es). Se tes algún problema co formulario, axudámoste a cubrilo no Edificio de Servizos Múltiples (de forma presencial ou telefónica, en horario de 9:00 a 14:00 h).

As prazas adxudicaranse mediante sorteo. Se quedasen nenas e nenos sen praza, manterase unha lista de agarda que terá preferencia na vindeira edición do Cullerchef (prevista para xaneiro). En calquera caso, terán sempre prioridade as/os nenas/os empadroadas/os en Culleredo e aquelas/es que non acudiran a anteriores obradoiros Cullerchef.

Chamarémoste por teléfono a partir do día 7 de outubro só no caso de que a túa nena ou neno teña praza.

Aquelas persoas que finalmente teñan praza terán que asinar as autorizacións e a comunicación de datos o primeiro día de obradoiro.

Prégase puntualidade á hora de traer e recoller aos nenos/as do Cullerchef e total dispoñibilidade nos teléfonos de contacto que se dean.

As/Os nenas/os van pasalo ben abondo e non necesitan traer ningún aparello electrónico ou xoguete, pero si é recomendable que traian roupa cómoda, calzado pechado, mandil e friameira (para papar na casa o que cociñen no obradoiro).

Máis información no correo cultura@culleredo.es, no teléfono 981665597 ou no Edificio de Servizo Múltiples.



CULLEREDO
CONCELLO
CONCELLERÍA DE CULTURA